



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
Expediente: 2025000039934

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DAS PERSOAS INTEGRANTES DO XURADO DOS II PREMIOS DE TURISMO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

De conformidade coas bases reguladoras dos II Premios premios de turismo da Deputación da Coruña, e logo de ver os informes da Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

1.- Mediante a Resolución de Presidencia número 48502 de data 16 de outubro de 2025, foron aprobadas as bases reguladoras dos premios de Turismo da Deputación da Coruña (PREM-TUR/2025)

2.- De acordo co establecido na base sexta das bases reguladoras dos “II Premios de Turismo da Deputación da Coruña”

“O xurado estará presidido polo vicepresidente e deputado de turismo da Deputación da Coruña quen participará con voz pero sen voto, e formarán parte persoas expertas do sector, que serán nomeadas polo presidente da Deputación.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no capítulo I, artigo 5.2d) do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal), co fin de que se poidan interpor, se for o caso, os recursos legais pertinentes”

RESOLVO

1.- Nomear ás seguintes persoas como xurado dos “II Premios de Turismo da Deputación da Coruña”:

Presidente: Xosé Regueira Varela, Deputado de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria e Vicepresidente da Deputación da Coruña.

Suplente: Silvia María Seixas Naia, técnica de gabinete do departamento de Vicepresidencia.

Secretaria: Silvia Pérez Fraga, Técnica de turismo da Sección de promoción e desenvolvemento turístico.

Persoas integrantes do xurado alleas á Deputación:

- Ana María Iglesias Sixto, xornalista experta en comunicación turística.
- Cesáreo González Pardo, presidente do Clúster de Turismo de Galicia
- Jorge Guitián Castromil, experto comunicador e divulgador de gastronomía
- María Elvira Lezcano González, profesora de turismo da Universidade da Coruña

2.- Fixar o pagamento dos seguintes honorarios:

O xurado reunirase nunha única reunión, que terá lugar o xoves 13 de novembro ás 10.00 horas na Sala 1 do 3º andar da sede da Deputación Provincia da Coruña.

Na base 30.4 das Bases de execución do orzamento da Deputación da Coruña para o exercicio 2025 fíxanse as retribucións das persoas que integren os xurados dos premios e certames convocados pola Deputación da Coruña, establecendo un importe de 800,00€ no caso de premios e certames nos que o mesmo xurado teña unha única reunión.

Por este motivo, aprobase o importe dos seguintes honorarios:

- Ana María Iglesias Sixto, NIF ***7787**
Honorarios (suxeito á retención do 15% polo IRPF): 800,00€
- Cesáreo González Pardo, NIF ***8263**
Honorarios (suxeito á retención do 15% polo IRPF): 800,00€
- Jorge Guitián Castromil, NIF ***2446**
Honorarios (suxeito á retención do 15% polo IRPF): 800,00€
- María Elvira Lezcano González, NIF ***9353**
Honorarios (suxeito á retención do 15% polo IRPF): 800,00€

Indemnización por gastos de desprazamento: se o desprazamento se produce dentro do ámbito territorial da Comunidade autónoma de Galicia non se aboará indemnización ningunha. Se o desprazamento se realiza desde fóra do territorio da Comunidade autónoma de Galicia, indemnizarase o importe dos billetes de transporte público ou, no caso de utilizar vehículo propio, a contía que resulte de aplicar 0,26 euros por cada quilómetro percorrido.

Aloxamento e manutención: Aboaranse os gastos de aloxamento e manutención nos casos nos que proceda, se o desprazamento se realiza desde fóra do territorio da Comunidade autónoma de Galicia e dos horarios de comezo e finalización das sesións. Os importes a abonar serán os establecidos no RD 462/2002 sobre indemnizacións por razón do servizo. No caso de que a persoa membro do xurado non sexa traballador/a ao

servizo dunha administración pública, será de aplicación o Grupo 2 de clasificación de persoal do dito real decreto. En circunstancias puntuais, e sempre que se motive adecuadamente no expediente, poderanse modificar á alza ou á baixa os citados importes.

Tras a única reunión do xurado, procederase a tramitar a proposta de pagamento dos honorarios.

3.- O gasto realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/22699, número de operación contable 220250052735.1 tendo sido aprobado o mesmo mediante Resolución de Presidencia número 50374 de data 28 de outubro de 2025 pola que se aproba o gasto derivado da organización, realización e desenvolvemento da II Gala de Turismo da Deputación da Coruña.

4.- Dispor a publicación da presente resolución na Sede Electrónica da Deputación da Coruña.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.